



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Certificados de profesionalidade: que son e para que serven?

CONVOCATORIA: Convocatoria Emprego 2

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 01/09/2022 - 09:00h ao 09/09/2022 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O curso sobre "Certificados de Profesionalidade: que son e para que serven" pretende ofrecer unha visión global e completa sobre unha das vías de acreditación da cualificación profesional, a través de estudo da súa normativa reguladora e dos procedementos que permiten a obtención dos certificados de profesionalidade, co obxectivo de facilitarlles unha formación actualizada e de interese para o persoal que traballa no ámbito dos servizos de emprego e contribuír así a que lles axude a proporcionar ás persoas interesadas unha información sobre esta vía de acreditación da cualificación profesional, xustificada tamén pola permanente rotación do persoal das oficinas de emprego así como do resto dos servizos implicados como son as xefaturas territoriais e os servizos centrais da Consellería de Emprego e Igualdade, que implica que o persoal de máis recente incorporación non tivera unha formación suficiente neste ámbito.

DESTINATARIOS

Persoal funcionario e laboral das oficinas de emprego, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social e persoal da área de emprego das Xefaturas Territoriais da Consellería de Emprego e Igualdade.

PROGRAMA

1. Cualificación profesional. Sistema educativo e laboral. Certificados de profesionalidade.
2. Normativa estatal e autonómica sobre os certificados de profesionalidade.
3. Estrutura (familias profesionais e áreas profesionais) e niveis dos certificados de profesionalidade.
4. Vías e requisitos para a obtención dos certificados de profesionalidade.
 - 4.1 Accións formativas (persoas en situación de desemprego, persoas ocupadas, programas integrados de emprego, obradoiros de emprego, programas de emprego, contratos para a formación a aprendizaxe, formación profesional...).
 - 4.2 Procedemento de recoñecemento da experiencia profesional.
5. Acreditación de certificados de profesionalidade na Unión Europea

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Preferentemente, e por esta orde:

1. Persoal destinado nas oficinas de emprego de Emprego Galicia
2. Persoal das Xefaturas Territoriais e SSCC destinado nos servizos de formación e colocación.
3. Persoal das Xefaturas Territoriais e SSCC destinados noutros servizos da área de emprego da Consellería de Emprego e Igualdade.

3. DATOS EDICIÓN

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 19/09/2022 a 18/10/2022

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 21/10/2022 ás 18:00h

DOCENTES NOMEADOS

RETNOVA Proxectia Consulting

LUGAR DE REALIZACIÓN

Exame en liña